

SELECCIÓN POSÍBEL E INEVITABELMENTE INCOMPLETA DE POEMAS DE LUÍSA VILLALTA

O ceu cobrou unha cor que facia pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás profundidades.
Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de sono. O calor enfriaba-se no bisturí do horiozonte.
Os nenos, de cóbados na xanela, enfrontaban a historia inconscientes, nun palpebrexo tan veloz como a infancia.
Pero aínda hai un cambio posíbel que se reserva no bolso, un remanente da derrota, para mirar arredor.
Non nos estábamos separando, por iso nos recoñecemos.
Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber quen nos chamou ao fio da noite.

(Ruído, 1995)

Abrir a boca en ti, onde as estrelas
configuran a constelación dos nosos nomes,
abrandar a vontade que nos puxa
implacabelmente para os extremos opostos
con esa forza de non sermos nen eu ti nen ti eu,
cortar a fita para inaugurar o tempo
no que nos miramos o ollo no ollo multiplicado
como o río aquel, o suor, o beixo continuado
balizado por latexos que se escapan,
e palabras atadas que nos fican dentro,
para fabricar o xesto de buscar-nos
por debaixo das sombras e os vestidos.
Abrir a boca á escuridade para encontrar o día.

Para amar-nos fuximos, amor, do amor
inventado por autores de óperas e comédias,
nun libreto anónimo improvisado
no que xa figuran os diálogos que nós sabemos
porque os escribemos no tempo silencioso da invernia
cando o verme preparaba a súa forma borboleta ou a flor
era seme aínda na mandrágora, ou o río nube
ou a nube alento abrasado no deserto.
Furtamos os ollos do público, como eva a súa mazá,
para mordé-los ao noso pracer, sen esperar aplauso.

(Textos incluídos no volume colectivo *Apresados sen presa*, 2002)

Isto é poesía, un ruído provocado.
Non ornamento, arabesco para as pontas dos dedos:
inecesáris encaixes para a alma dormir ou sentir
a levedeza da onda cando apenas chega a romper.
Provocación de boca con fame, isto.
E a fame adormece
ou reclama.
Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel
do mundo: un tambor que desperta. A pel estremece-se
porque recoñece a morte que baila fóra da tumba.
Isto é tamén unha muller que resiste

(En concreto, 2004)

LESTE

Ao vento soán, nen a man
Velaí vén, velaí ven
mais este vento non nos move
os guardachuvas tiovivos baixo o torvón tranquilo

Un sorriso sen sibila percorre todos pasquíns
anunciando inbecilmente as emocións feirantes
e os sagrados éxtases da adquisición

Aquí hai homes que preparan unha guerra sosegada
ante mesas aborrecidas de papeis macilentos
de mans cegas a calquera utilidade
de virus estratexas entre tanta rutina

O vento cheira a cadáver
a vítima diaria da harmonía universal
a apocalíptico vertedoiro
antes de sementar nas nosas almas vencidas
unha canción sen memoria

Unha guerra soa sempre aínda
desde moi lonxe un estertor terminante
vén procurar os cristais da Cidade
que se despede continuamente de si mesma

Formigoneiras vacunas, trades rientes, o pensamento ocupado
a discusión das células sobre o seu proseguir
bombas de diversión
ecos desde lugares extremos
case sen son, ecos secos tan secos
que dificilmente sentencian a súa propia morte
xorda como muller nos seus últimos vestidos

como un “parece que mañá vai chover” no elevador
como unha nai devorada pola familia faminta á volta do mercado

Nunca vin tanta guerra en tanto soño
– na película de onte quizá-
como no corazón partido entre os anuncios
– nas últimas fileiras as bocas adestradas
mordían despiadadas despedidas-
como nun filme de amor morto en combate

Nos domingos tranquilos
cando a paz aborrece a espera
saio do cine coas palabras abrochadas
por se o vento abana os edificios
por se o vento vén de dentro
por se a rúa se alonga máis alá da madrugada

Nunca vin tanto silencio belixerante
mordendo a destrución de tantos nomes

Mais este vento non nos move
non acontece nada nos tiovivos das lúas do almanaque
non pasan sucesións de moradores
exército esquecido na guerra definitiva
Tan só apodrece a fermenta a mesma incógnita
de humanidade húmida
un río detido no ventre dun ídolo
ou na cloaca

Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade.

O trolebús asmático agatuñaba a encosta de Panadeiras

até trousar algún vello solteiro, putañeiro sen tasa,

fronte á Farmacia, no Campo da Leña.

O ceu, marco azul para o perdón, ascendía baixo palio,

como un ditador santificado nos seus crimes,

o empedrado da rúa do Hospital

desde o mar de Orzán, orixe da espuma ou seme vital,

cara ao carmín proibido do sexo das señoritas,

sempre a flor de labio —boca, lingua, gorxa, o máis adentro posíbel—.

O Papagaio mudo, caído entre as flores das meias verdades,

tinxía de cores charramangueiras
os dous lados do simulacro.
Os anos cincuenta de calquera século:
unha porta verde na cronoloxía repintada,
unha vez tras outra, da esperanza

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
Apesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o grau á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
o pai e nai xa nunca non me faloron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.

(Papagaio, 2006 – este libro leva ilustracións de Maribel Longueira)